

ACTA DE LA MESA DE CONTRATACIÓN

Fecha y hora de celebración

26 de mayo de 2021

Comienzo a las 10:40:00
Finalización a las 11:00:00

Lugar de celebración

Salón de Comisiones de la Casa Consistorial

Asistentes

PRESIDENTE

D./Dña. María Carmen Torreiro González, Concejal

SECRETARIO

D./Dña. Marta Pérez Iglesias, Técnica Administración Xeral

VOCALES

D./Dña. Rebeca Vázquez Vázquez, Secretaria del Ayuntamiento (vocal jurídico)
D./Dña. Gema Leal Insua, Interventora del Ayuntamiento (vocal interventor)
Luis Fole Barrio, Arquitecto técnico Ayuntamiento Arzúa

Orden del día

Justificación de Oferta Anormalmente Baja: 2020/C003/000001 - Saneamento Castañeda

Se Expone

Se da cuenta a la mesa de contratación del informe técnico suscrito por el arquitecto técnico municipal, Luis Fole Barrio, en fecha 10/05/2021 sobre justificación de la oferta incurso en presunción de anormalmente baja, a la vista de la documentación aportada el día 13/04/2021 por la licitadora requerida, CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SL, dentro del plazo establecido al efecto.

En dicho informe se establece lo siguiente:

INFORME:

*Á vista da documentación presentada pola empresa **CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ, S.L.** como xustificación da oferta presentada no sobre C: **“Oferta económica e referencias avaliáveis automaticamente”** da obra denominada*

“SANEAMENTO NA CASTAÑEDA”, sendo considerada pola mesa de contratación como unha oferta anormalmente baixa, o técnico que subscribe informa o seguinte:

1.- O licitador segundo declaración do administrador D. José Antonio González Santos manifesta que se reafirma na oferta presentada e que a empresa está capacitada para realizar a obra de “SANEAMENTO NA CASTAÑEDA” no prazo estipulado, nas condicións técnicas e nos prezos ofertados.

Presenta expediente xustificativo da oferta coa documentación requirida segundo o establecido na cláusula 15.4.4 do P.C.A.P. que consiste en:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

Carta de compromiso dos provedores

Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de Obra:

Neste caso deberá xustificarse polo licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada: Xustificarse mediante a achega da nómina e Boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá á obra obxecto de licitación.

4. Cumprimento Obrigacións Salariais. Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores derivadas de contratos e convenios colectivos

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados estímase que a información solicitada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas. En xeral rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipótese ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

2.- O licitador presenta unha documentación na que se recollen os seguintes apartados:

DECLARACIÓN DO ADMINISTRADOR.

1. XUSTIFICACIÓN DE PRECIOS OFERTADOS:

A. MATERIAIS.

1.A.1. *Compras: Compromisos cos provedores*

B. MAQUINARIA

1.B.1. *Medios Propios: maquinaria que se adscribirá á obra*

C. OFERTA DETALLADA

1.C.1. *Gantt proposto*

1.C.2. *Táboa de rendementos*

1.C.3. *Comparativa de prezos e xustificación de prezos unitarios.*

1.C.3.1. *Prezos unitarios descompostos.*

1.C.3.2. *Comparativa: Presuposto licitación – Oferta económica.*

2. VOLUME DE OBRA:

A. Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTO LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

A. Declaración responsable do persoal que se adscribirá á obra

B. Nóminas e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo

4. CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS SALARIAIS

A. Declaración xurada de cobro de salarios.

B. Certificado Bancario.

5. RELACIÓN SUBCONTRATOS PROGRAMADOS/CARTA DE COMPROMISO SUBCONTRATISTAS

Nos apartados que se achegan para a xustificación da baixa recóllense todos os especificados no Prego, realizando a continuación unha análise do seu contido:

1.- XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS OFERTADOS

A.- MATERIAIS:

1.A.1.- *Neste apartado faise referencia aos prezos ofertados no punto 1.C.3, achegando orzamentos dos provedores e **carta de compromiso**, recollendo neste caso os seguintes:*

Prefabricados Guntín, S.L. (aros e conos prefabricados)

General de Hormigones, S.A. (formigón)

Canteras de Richinol, S.L. (áridos)

Saint-Gobain Saniplus, S.L.U. (tuberías e accesorios)

Herdanza, S.L. (estación depuradora)

Alejandro Martínez e Hijos, S.L. (xestión de residuos)

B.- MAQUINARIA:

No apartado da maquinaria achégase unha ampla relación de maquinaria, equipos e medios auxiliares que a empresa adscribirá ás obras con plena disposición:

Maquinaria:

Pala Mixta (3 ud)

Excavadora (2 ud)

Dumper (2 ud)

Camión grúa (2 ud)

Camión (1 ud)

Compactador (2 ud)

Equipos:

Compresor (2 ud)

Xeradores (2 ud)

Medios auxiliares:

Cortadora (1ud)

Martelo rompedor (3 ud)

Grúa acoplada (3ud)

Formigoneira (2ud)

Soldadora polietileno (1 ud)

Tronzadora (1 ud)

Rodillos (2 ud)

Entibación zanxas (2 ud)

A maquinaria indicada é propiedade da empresa e está inscrita no Rexistro de Industria de Galicia (RIGA) co nº 15014342, achegando copia do Rexistro.

C.- OFERTA DETALLADA:

Neste apartado expón que a redución de custes económicos na execución do contrato xustifícase polo feito de dispoñer a empresa de maquinaria propia suficiente para acometer a execución das obras, indicando que a mesma atópase actualmente amortizada e en óptimas condicións para o seu uso o que reverte directamente na diminución dos custos.

Xustifícase igualmente a redución dos custos ao dispor de persoal propio de probada experiencia en obras de similares características, obtendo un maior rendemento e unha elevada produtividade.

1.C.1/1.C.2.- Gantt proposto e taboa de rendementos:

Por outra banda especifica que unha vez analizada detalladamente a obra, o tempo de execución poderá ser reducido significativamente, podendo finalizar as obras nun prazo de tres meses, o que supoñerá unha redución de custos engadida.

Co fin de xustificar este extremo achégase un gráfico de Gantt coas inversións mensuais previstas e táboa de rendementos.

1.C.3/1.C.3.1.- Comparativa de prezos e xustificación de prezos unitarios.

Achégase cadro comparativo de prezos unitarios descompostos no que se recollen os prezos das ofertas presentadas polos provedores e así mesmo o rendemento da man de obra e da maquinaria cun prazo de execución de 3 meses, segundo a táboa de rendementos do apartado anterior.

1.C.3.2. Comparativa: Presuposto licitación - Oferta económica.

Achégase neste caso cadro comparativo segundo os prezos descompostos do apartado anterior e cadro resumo coincidente coa oferta presentada de 124.900,00 € + IVE = 151.129,00 €, verificando a baixa do 33,02 % fronte ao orzamento base de licitación.

2.- VOLUME DE OBRA

Xustificación da relación existente entre as obras contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais propios que lle permiten facer fronte á obra de SANEAMENTO NA CASTAÑEDA sen ter que recorrer a medios externos.

A.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada

3.- RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA.

Achega xustificación da relación existente entre as obras contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais, achegando:

A.- Declaración responsable do persoal que se adscribirá á obra

Neste caso pon a disposición da obra o seguinte persoal laboral fixo:

- * 2 xerentes, con presenza en obra*
- * 1 enxeñeiro técnico*

- * 5 oficiais de 1ª
- * 1 oficial de 2ª
- * 1 peón ordinario
- * 1 traballador de oficina (contable)

B.- Nóminas e boletíns de cotización da seguridade social do persoal laboral fixo

Achega de nóminas e boletíns de cotización da Seguridade Social do persoal laboral fixo.

- * Ultimo recibo de liquidación de cotizacións así como xustificante de pago
- * Copia da última relación nominal de traballadores (antigo TC2), informe da S.S.
- * Nóminas do último mes.

4.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS.

Achega declaración xurada de cobro de salarios asinada polo traballadores e certificado bancario conforme se cumpren os pagos derivados das nóminas dos traballadores.

5.- RELACIÓN SUBCONTRATOS PROGRAMADOS E CARTA COMPROMISO SUBCONTRATISTAS.

D. José Antonio González Santos como representante da empresa González y González, S.L. declara que subcontratará as partidas referentes á **perforación horizontal dirixida** (2,41% do P.E.M.), e o **extendido de aglomerado asfáltico** (18,36% do P.E.M.), achegando cartas de compromiso das dúas subcontratas.

3.- Una vez analizada a documentación presentada, entendemos que esta recolle todos os apartados especificados no Prego de Cláusulas administrativas Particulares para a xustificación da oferta anormalmente baixa, **non apreciando discrepancias entre a oferta económica presentada e a xustificada e non apreciando motivos polos que esta xustificación non deba de ser aceptada.**

O presente informe que consta de 6 páxinas numeradas, contén a opinión do asinante conforme ao seu leal saber e entender, opinión que gustosamente somete a calquera outra mellor fundada.

Se acepta por unanimidad de los miembros de la mesa de contratación la conclusión del informe técnico, admitiendo la justificación de la oferta presentada por la empresa requerida CONSTRUCCIONES GONZÁLEZ Y GONZÁLEZ SL, y se acuerda comprobar en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas que la empresa está debidamente constituida, el firmante de la proposición tiene poder bastante para formular la oferta, ostenta la solvencia económica, financiera y técnica o, en su caso la clasificación correspondiente y no está incurso en ninguna prohibición para contratar.

Comprobados dichos extremos sea acuerda por unanimidad de los miembros de la mesa de contratación requerir a dicha licitadora para que dentro del plazo de 7 días hábiles, a contar desde el siguiente a aquél en que hubiera recibido el requerimiento, presente, por medios electrónicos y con firma electrónica la documentación indicada en la cláusula 16.1 del PCAP salvo la que se encuentre inscrita en el Registro oficial de licitadores y empresas clasificadas del sector público (ROLECSP) o en el Registro Oficial de Empresas Clasificadas de la Comunidad Autónoma de Galicia, siempre que la citada documentación se corresponda con la exigida en la presente cláusula y se encuentre vigente. En todo caso deberá constituirse la garantía definitiva, y también la complementaria, junto con la documentación indicada en los apartados 11, 12, 13 ,14 de dicha cláusula 16.1.

Yo, como Secretario/a, certifico con el visto bueno del Presidente/a:

D./Dña.

D./Dña.

SECRETARIO/A

PRESIDENTE/A